



XII Festival de Xardíns de Allariz



Páxina VI

A Xunta colaborará con San Xoán de Río na humanización da rúa principal



Páxina VII

A Xunta executará dúas sendas peonís no Pereiro de Aguiar



Páxina VIII

Roteiro monumental pola Ribeira Sacra en tres etapas



Páxinas IX a XII

A Casa Museo de Víctor Corral formará parte do Paseo dos Soños en Vilalba



Páxina XV

Oposición á LAT de Iberdrola que inhabilitaría o Larouco para practicar parapente



Páxina XVI



Expourense celebrará tres das seis feiras internacionais de Galicia

Páxina VII

Entrevista



Diego Ameixeiras, escritor

“Existe unha deshumanización moi grande dentro da sociedade”

Páxina XIII



Curra

Roupa de muller
Complementos
Calzado

Rúa Concordia, 9
Tlf. 988 606 662
OURENSE



Rúa Celso Emilio Ferreiro, 15 988 619 371.- 699 959 112
Cachopines . Bollitos preñados

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

A "historia", de acordo a Putin

Inverno 2021-22. A crise entre Rusia e Ucraína copa a atención política e mediática. Entre a tensión, o equilibrio e a disuasión, Putin alza a ton contra Occidente, chámese este EE.UU, a OTAN e a Unión Europea, para advertir que non quere mais "atlantismo" nas súas fronteiras. E para isto constrúe un "cordón sanitario", quen sabe se novo Telón de Aceiro, trazando un eixe xeopolítico con Bielorrusia para atallar a "ameaza do Oeste".

Washington, Bruxelas e Kiev responden que "non aceptarán unha invasión rusa a Ucraína", cando non existen completas evidencias do mesmo. Occidente non quere en 2022 outra Crimea 2014, cando Putin non dubidou en anexar, vía intervención directa lexitimada despois por referendo popular, a "volta a Rusia" desta estratéxica península.

Moitos analistas interpretan a crise ruso-ucraína como unha especie de "guerra latente e esquecida" en Europa. E no trasfondo está tamén a xeopolítica enerxética (gasoduto Nord Stream II), que Putin utiliza moi ben como arma política, principalmente cara Europa, o seu principal socio comercial por consumir o 40% das exportacións do gas natural ruso.

Pero existe un factor en clave histórica que descifra moitas das interrogantes en torno a esta crise. Os simbolismos históricos ten moito peso no imaxinario colectivo dos pobos eslavos. Putin moi probablemente está tensando a corda paralelamente a súa pretensión de "reescribir a historia", un novo relato histórico para a Rusia post-soviética que quere emerxer precisamente cando este decembro pasado cumpríronse tres décadas da desintegración

da URSS, e neste 2022 agárdanos o centenario da creación da primeira república socialista da historia.

Na derradeira columna de 2021 falaba precisamente das tres décadas sen a URSS, pero tamén de como a relación entre Rusia e Ucraína era a clave política para manter o equilibrio dentro de calquera nova estrutura post-soviética neste espazo euroasiático. Hoxe observamos que precisamente esa condición de equilibrio ruso-ucraíno tamén define moitos dos conflitos postsoviéticos que empañan as sempre delicadas relacións entre Moscova e Kiev.

Meses atrás, Putin escribiu un artigo reproducido nos medios informativos no que declaraba que "rusos e ucráinos son un mesmo pobo eslavo". Isto define unha obvia declaración de intencións por parte de Putin. Sabe que o tema histórico é moi sensible entre rusos e ucráinos, pobos irmáns pola ortodoxia relixiosa e a cultura eslava. Non se debe esquecer que o primeiro Estado ruso, a Rus de Kiev, creouse no século IX. Mentres os medios occidentais concéntranse en demonizar a Putin case a niveis "hitlerianos" e "estalinistas", Putin manexa con destreza esas claves simbólicas do eslavismo ruso, metabolizando dentro dos conceptos de nación e de fe ortodoxa, para configuralas como unha estratéxica xeopolítica.

Alén de non querer á OTAN na súa fronteira con Ucraína tras anos de desencontros e desengaños cun Occidente que si quere a Ucraína na súa esfera de influencia, Putin manexa outra carta xeopolítica a favor: aproximadamente un 40% da poboación ucráína asentada na rexión do Donbás e rusofalante, con vínculos históricos, cul-

turais e xeográficos con Moscova, hoxe ampliados de cara á contorna xeopolítica para o Kremlin.

E isto é un factor claramente suficiente para que Putin observe a Ucraína como coto da esfera rusa. Non esqueamos que, anos atrás, o propio Putin chegou a declarar que a desaparición da URSS en 1991 foi "a maior catástrofe xeopolítica do século XX" entre outras cousas porque "25 millóns de rusos quedaron da noite á mañá sen patria, desamparados", nunha especie de limbo que hoxe Putin non está disposto a seguir permitindo. A diáspora rusa é un valor moi importante para a súa política exterior.

Pero seguindo cos esforzos de Putin por "reescribir a historia", mentres a atención mediática estaba concentrada na tensión entre Putin e Occidente por Ucraína, a Fiscalía rusa anunciaba a desarticulación da ONG Memorial, que dende fai tres décadas, en plena perestroika gorbachoviana, investigaba os crimes soviéticos e os Gulag. En perspectiva, Memorial constitúe ese esforzo pola "memoria histórica e democrática", tan en voga nos últimos anos aquí en España.

O peche de Memorial non só é un ataque á liberdade de expresión e da articulación dunha sociedade civil crítica senón tamén unha estratéxica de Putin para reescribir a historia xusto 30 anos despois da disolución da URSS. Putin non quere reproducir a URSS pero si ansía modelar outro relato histórico sobre a "nova Rusia", enfocado en transmitir ese novo relato a unha xeración de rusos hoxe xeracionalmente "post-soviéticos", que non viviron ese pasado, e que observan precisamente aquel mundo soviético como unha "arqueoloxía do pasado".


A tensión, mais que conflito, moi probablemente dirimirase polos canais das negociacións, determinadas pola permanente disuasión entre Rusia e Occidente. Pero é moi posible que a fricción ruso-ucraína segue a ser un tema recorrente neste 2022 recen nado e que en decembro próximo conmemorará o centenario da creación da URSS. Preparémonos pois para mais "sorpresas putinianas".




ANTOMS



ANDREA ARROYO



Vacinas anticovid para todos



Emerxencia polo cambio climático

Por Nemésio Barxa.*

Desinformação vs. Jornalismo veraz

Há poucos dias, um mediático jornalista, ex-diretor de um diário importante de difusão estatal e do que se rumorejava como recambio a dirigir a TVG (valha-me Deus), afirmava que os médios querem contar a verdade e que se não o fazem e porque lhe mentem. Ou seja, que os “médios” difundem todo o que lhes contam como lhes chega. Além de que o jornalista ou o “medio” o primeiro que deve fazer com uma informação é verificar sua autenticidade e indagar sobre sua origem, há muitas formas de falsear uma notícia sem mentira aparente.

Nestes dias se entregaram os XXIII Prémios de Direitos Humanos dos Colégios de Advogados, a vários jornalistas e médios em reconhecimento do esforço para garantir a liberdade de expressão e de uma informação veraz, destacando como a desinformação é uma grave ameaça para a democracia e como os médios ficam obrigados a combatê-la.

Por simples curiosidade segui no seu dia as notícias de diversos médios sobre as aparentes dificuldades judiciais polas

que passava PODEMOS e seus dirigentes, comprovando o destaque em portada das notícias nas que se anunciava a abertura de procedimento judicial ou sua imputação fronte a inexistência, ou relegada a páginas interiores, da notícia de haver sido sobreseída ou arquivada. Do início da macrocausa conhecida como Neurona temos notícias a partir de agosto do 2.020 por essa prensa de suposta seriedade como El Mundo, El País, ABC, La Razón e seguidores, que apocalipticamente levavam nas suas portadas notícias com destaque sobre o caso, e polas tertúlias televisivas; transcorrido mais de um ano de investigação policial e judicial, desestimadas as sete linhas de investigação abertas e arquivado o procedimento, exceto na dúvida do cumprimento total ou parcial de contrato por parte da empresa Neurona, desapareceram as notícias das portadas e incluso de páginas secundarias. Da falsidade dos denunciantes e do fiasco da UDEF e subsequente arquivo das denúncias, silencio ou noticia irrelevante em páginas interiores. O mesmo ocorreu com a causa seguida contra Pode-

mos pola Fundación 25-M, também arquivada. Como se magnificaram no 2.015 as supostas irregularidades da juíza Victoria Rosell e seu marido, quando aquela se apresentava nas listas de Podemos para as eleições gerais; El Mundo a media portada com a notícia de que “la fiscalia investiga a la “juez estrella” de la lista de Podemos”, outra também de portada “La policia sigue el rastro del dinero pagado a la pareja de la juez de Podemos” e similares; pois bem por essa imputação que se demostrou falsa, o TS rematou condenando a seis anos e medio de cadea ao juiz Salvador Alba “por falsedad judicial, cohecho y falsedad en documento público por confabular contra la juez Victoria Rosell”, nada se diz em El Mundo nem no País, ABC nem na Razón.

E todos estes jornais anunciam que se reabriu outra causa contra Podemos e não informam que se trata de feitos polos que já foi arquivada judicialmente por ser anteriores no tempo a existência no Código penal do delito de que se acusa. Logicamente será de novo arquivada e do arquivo nada informará a prensa “seria” que disfrutamos.

E para qualquer dúvida aí estão as hemerotecas.

Algun motivo para a esperanza ainda temos. O ano pasado 16 médios uniram-se na “Plataforma 16 Meios Independentes”

para realizar enquisas de opinión independentes, com micromecenazgo, desde um leal compromiso com seus leitores e á cidadania em geral, para conter este proceso de desconfianza e deterioro das institucións públicas que dana gravemente a democracia. O resultado da enquisa não teve transcendência nem na prensa “seria” nem nas canles televisivas.

Paradigma do perigoso de fazer jornalismo veraz e de investigación, labor na que nem se conta com o amparo da policia nem dos tribunais, dá-no-la a noticia de um jornalista italiano que descubriu um terrível erro judicial que manteve a um inocente durante mais de três anos encarcerado e que se enfrenta a uma demanda por difamação presentada polo fiscal do caso.

**Da Academia Galega de Xurisp e Lex., Da Comision Sup. para estudo e desenv. do Dº Civil Galego, Presidente da Irmandade dos Vinhos Galegos*



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Nova andaina por vellos camiños

Comeza un novo ano, coma sempre de esperanzas. Queremos que as cousas vaian mellor. E as cousas irán mellor se nos facemos respectar e se se fan en serio. Eu penso que o problema está no mesmo sistema que nos habita, polo que nos deixamos ir, rexidos e confiados en certa improvisación. Os servizos non funcionan, os profesionais de calquera administración non dan feito, a situación dá lugar a desesperos de toda aquela xente involucrada que, ou ben ten que dar servizo, ou ben recibilo sabendo que sempre estaremos escasos. Non funcionan sequera as previsións. As institucións quedaron obsoletas. Non dan reaccionado a tempo para tanto cambio, para esta muda total de paradigmas. Tardamos, quizais, en caer da burra e non temos prevista a zoupada no chan. Pois estamos xa na zoupada e virán novas zoupadas. As cousas devirán prodixiosamente, o futuro está aquí. Estamos na lama e enlamados, estamos neste caos de

despiste, de inactividade, da falta de recursos e previsión, da falta de elasticidade para acomodarse aos novos tempos, ás novas circunstancias. Somos lentos na reacción e nas melloras. Debemos ser máis hábiles na prevención, potenciando solucións, na emerxencia de todo tipo de diversidade.

Hai un tempo todo eran recortes de servizos -ben sabemos dos culpables, agora terán que aceptar a derrota. Si, si, derrota evidente que non queren administrar, e primar -se queren estar no exercicio da cousa pública e da cordura- a satisfacción dos usuarios para recoller resultados dignos, sen lamentarse, no canto de obrar como é sería debido e xa fóra de tempo, que foi o que fixeron e teatralizan. Serán igual cós negacionistas, aos que tanto critican, e que aínda hoxe non aceptan o seu terrible erro? A grande “metedura de pata” foi, non crer nos instrumentos públicos, nin adaptalos ás novas circunstancias cambiantes, nin crear postos de traballo e

prestacións diante das novas urxencias de asistencia pública, en todo, ben sexa na sanidade, no ensino, no traballo, na venda, nas previsións de todo tipo, nin apostar polo ben público, pois sempre chegaron tarde -aqueles beneficios- da mans dos nosos elixidos. Isto faciano, tan visionarios, desde a súa ansia de sacarlle o peso do estado ao lombo dos cidadáns (xa, xa, xa...), claro está para favorecer as desatentas formas dos servizos privados, que son os que despois fan o que queren e mesmo cobran co-pagos e outras dádivas para subvencionar a falta de vontades, nun modelo asistencial caótico e de irreverentes modos que se privan de gastar, no mínimo, aínda facendo falta.

Os tempos mudaron para os servizos, hai que anovarse xa. Hai que facer uso dunha nova mentalidade, de investir e coordinar novas atencións públicas, cos medios necesarios que precisan de orzamentos e novas compoñentes, e unha nova forma educada de atender no medio do despropósito no que navegamos, no medio da desfeita, no medio desta ruína temporalidade que nos come vivos e que deixa sen facer o que se debe facer. Debemos quitar

a venda dos ollos, debemos ver a verdade.

Os políticos, que son quen manexan os orzamentos e os posibles, andan un algo deixados, uns porque manexan e outros porque deixan manexar, aínda algúns na ansia de dirixirnos ao privado e na rutina perigosa de desfacer calquera servizo público, negando o dereito das persoas a ter un abeiro onde ampararse. Os cambios agora son precipitados, hai que estar atentos e actuar con dilixencia. Hai que escoitar a opinión da xente esperta e actuar en consecuencia. Os políticos que tal traza lle dan, fano por unha cantas moedas ou por entrar no seu declive no xogo das portas xiratorias que lles garden da vergoña e do traballo. O certo é que fai falta vontade de servizo para non contribuír á desorde que habitamos. Necesitamos xestionar con intelixencia e, na nosa cousa política, hai moi pouca xente que teña a vontade, a dignidade -mesmo persoal- e os argumentos para administrarnos ben.



Opinión

Por Manuel Blanco Villar

Xacobeo 2022, o ano do rexurdimento colectivo

Coa organización da terceira edición consecutiva da “Aldea no Nadal en Codeseda”, o Museo Etnográfico Casa do Patrón ponlle o broche de ouro a un ano cheo de retos, dificultades e traballos, pero tamén de novas actuacións, ampliacións e melloras substanciais das súas instalacións e exposicións, que o fan aínda máis atractivo: editamos dous libros, o “manual lingüístico e didáctico do proceso do liño” e o “Patrimonio inmaterial de San Pedro de Doade”, varios vídeos (a sega, a malla, o proceso do liño), un documental de 90 minutos de duración sobre a “historia do museo etnográfico Casa do Patrón”, executamos a 7ª campaña de escavación do castro de Doade, musealizando 18 m. de longo dunha segunda muralla defensiva e recuperando 2.400 restos arqueolóxicos, que se situarán no Museo, pasando así a ter depositados 24.000 restos do noso castro; realizamos a XXII edición da Malla Tradicional de Doade, única das grandes segas e mallas de Galicia continuadas nos últimos dous anos, que, debido a obrigada ausencia de público presencial, foron transmitidas para todo o mundo por Internet, vía streaming.

Efectuamos a XIII recreación do proceso do liño; acometemos a construción da capela de Codeseda, unha obra de 9,50 x 6,50 m. feita en cantaría, presidida por

unha réplica da antiga Sagrada Familia de Codeseda, tallada en madeira de castiñeiro policromada. Montamos no seu interior a exposición “Líbranos do mal: lingua, culto e crenza”, composta por máis de 300 pezas que versan sobre a riquísima relixiosidade popular e a etnomedicina do pobo galego, unha mostra singular e pioneira en Galicia dentro do seu xénero, tendo ademais a versatilidade precisa para celebrar todo tipo de actos socioculturais do Museo, sen perder un ápice do seu valor expositivo.

Acometemos a montaxe dunha completa sala de medicina tradicional e das antigas boticas, cunha especial dedicación á figura do médico rural galego, incorporando máis de 200 apeiros aos que xa contiña o Museo neste eido tan representativo das nosas tradicións máis arraigadas. Finalmente, coordinamos a execución dos traballos do galardón “Aldea Singular”, concedido ao Museo e excutado polo Concello de Lalín, restaurando as dúas fontes máis emblemáticas da parroquia, colocando paneis informativos na totalidade dos lugares da parroquia e facendo o mantemento anual da ruta homologada de sendeirismo PR-G210. En definitiva, no 2021, a Casa do Patrón consolidouse, sen ningún xénero de dúbidas, como o gran ecomuseo do patrimonio material e inmaterial galego, con 14 salas de exposición, múltiples obradoiros, actividades



e gastronomía tradicional propios do mundo rural galego, complementado con rutas de sendeirismo, unha contorna fluvial biosaudable de natureza, cultura e lecer, erixíndose no epicentro dunha aldea rural totalmente restaurada, asolagada por unha formidable paisaxe natural e riqueza medioambiental, cun brillante historial acreditado e documentado nada menos que por 16 libros, 5 vídeos e 1 documental editados.

Agradecemos todo o apoio recibido, tanto da Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e Concello de Lalín, como da continuada colaboración de veciños e

amigos da Casa do Patrón que nos permitirán seguir aportando no futuro o noso humilde gran de area a manter viva a Galicia profunda e baleirada, pola que moitos avogan, pero moi poucos loitamos a cotío pola súa supervivencia. O persoal da Casa do Patrón séntese ben orgulloso de levar traballando a reo durante os últimos 26 anos cunha fe inquebrantable, como sinal de gratitude cara o privilexio de vivir na terra que nos veu nacer, este verdadeiro xardín do Edén chamado Galicia.

Despois desta loita sen cuartel nas peores circunstancias e unha vez postos os alicerces para mellorar e ampliar a nosa ampla gama de servizos, pasamos páxina a un ano tan duro para todos, agardando con esperanza e optimismo a entrada do vindeiro ano xacobeo 2022, que estamos seguros será un período de recuperación sanitaria, económica e moral, xerando un gran rexurdimento colectivo, do que todos nós seremos partícipes e responsables. Temos por diante 365 novas oportunidades, 365 lenzos en branco para retratar neles a nosa mellor versión, vivindo cada día con intensidade, aprendendo dos erros de onte e confiando cegamente no mañá. Un novo ano, unha vida nova, pero levando sempre a vella Galicia no corazón, porque o máis importa non é o destino senón os nosos compañeiros de viaxe, que sodes nin máis nin menos que todos os galegos, para os que invocamos á Divindade a permanente compañía dos nosos cinco mellores amigos: a saúde, o traballo, o amor, a amizade e a felicidade. Bo Nadal e feliz Aninovo 2022 para tod@s!

Xosé-Bieito Coello Coello

O AVE

Fai uns días, lin un artigo do enxeñeiro Xosé-Carlos Fernández, no que dicía que a Ministra de Transportes, Raquel Sánchez, no viaxe de inauguración do “AVE” a Galicia, nos vendía este transporte como unha inversión de 9.040 millóns de Euros para Galicia.

Primeiro dicir que aínda falta moito para que este medio de comunicación sexa

un “AVE” de verdade, pois so vai chegar a Ourense neste intre, e ata esta localidade aínda ten 118 Km de vía única e un pequeno tramo dende Taboadela que hai que facer cun novo trazado. Dende Ourense a Coruña ou Vigo tamén aínda hai que transformar o ancho das vías a medida europea.

E vender o “AVE” a Galicia como unha

inversión nesta comunidade non é serio, parece que dende Madrid nos queren tratar de tontos. Polo menos deica Olmedo tamén vai ser compartido por Asturias, Euskadi e Castilla-León e ata Zamora tamén serve para esta cidade. Tendo en conta isto e que algúns tramos do trazado de Ourense efectivamente son caros, non máis que o tramo de Pajares por exemplo, a inversión do AVE en Galicia non chega a metade do que di a Sra. Ministra.

Porqué non facemos ó revés, chamá-

moslle o AVE a Madrid e lle adxudicamos toda a inversión a aquela comunidade?

Por certo debería de tomarse a decisión de non seguir gastando enormes cantidades de diñeiro en AVES radiais, salvo os que están en execución e gastar en vías de tren circulares como o eixo atlántico, os trens de proximidade ou as conexións cos portos. Incluso o AVE Ourense-Vigo por Cerdedo sería un despilfarro, pois non se xustifica un gasto semellante para aforrar quince minutos pasando por Santiago.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Avelino Jácome

Ourense con Sentimento

(Para José Antonio Viñas compañeiro e amigo de tantas loitas)

Era un domingo coma outro, máis florido se queredes, pois o ceo limpo arrincaba a primavera, un tempo que convidada a sentar os cativos nun verde prado a merendar, esa estampa que nos leva a infancia que xa nos deixou se cadra, aínda que algúns sabemos que somos maiormente uns meniños merendado á sombra de un carballo, deixando esmorecer o serán.

Mentras uns merendan, outros sácanos de súpeto as lagañas dos ollos, con un aturuxo ancestral que nace do fondo das súas entrañas, preludio do lóstrego que percorre o infindo dos sentidos.

Soben e baixan os sons dos souts e das fragas, estralos das castañas asadas con chourizos e pan de broa.

Meigallos de frevenzas rabudas que mancan na pedra dos tempos, recollidas no pai Miño, o solpor das augas que morren para resucitaren no inmeso mare noso, son cantigas de onte, de hoxe, de sempre... universais, sentidas, propias e alleas a un tempo.

Falan do viño, falan da auga, das romerías, do entroido, do pobo que quere estirando as súas as voar nos vales da Ribeira Sacra, onde se xuntan as almas namoradas do Miño danzarín co Sil fachendoso cheo de historias e de serras, percorrendo a saba agarimosa da terra que o pare e amamanta.

Rapaces e rapazas, mozos e mozas que

danzaban e danzaban... Virando na punta do pé, facendo tremer o teatro máis querido da cidade, acompasando a vitalidade e a enerxía co dulzor da poesía, que nesta terra agroma de seu.



José Antonio Viñas e Avelino Jácome.

Os zocos que petaban en cada volta, en cada compás percorrían latexando os corpos dos que alí estábamos coma o sangue nas veas dos namorados, volcán das augas das Burgas, das Termas milenarias, contanxiando a paixón daquelo que se ama tan fondamente, que supura pola pel a tradición do mamado coa frescura do viño novo recién colleitado.

Como a choiva que acariña, como vento que ergue as saias das mociñas casadeiras, como as raiadas do sol que maduran o viño nas costas da Sacra Ribeira, remexendo

e misturando os sons, menciñeiros da alma que curan as penas a golpe de música

Os músicos son os mellores vendimadores, arrieiros da vida, con un chifro ou con un sacho, con unha pandeireta ou unha gaita, con bombos ou con guitarras, fan que cada pinga que sae orballando mansa ou treboando forte, de cada nota tocada, semente en cada peito un suspiro,

en cada gorxa un alento, facendo do Principal o berce do sentimento.

E no fondo do escenario "O Viñas" o seu director, un home sorrindo con unha pandeireta na man, un cativiño que leva toda a vida por os escenarios de todo o mundo, pero que conserva intacta a súa alma de neno inocente, humilde, sinxelo...Un aceno para animar a aquel que esvarou nunha reviravolta, un chiscar o ollo de complicidade a este outro que nos ensaios

non lle saía de todo ben ise paso, que logo quedou mellor ca nunca, esas pequenas cousas que so os grandes ven.

O traxe de gaiteiro que viste fachendoso, xeneroso, nobre, testigo e compañeiro das súas loitas, dos sacrificios, de nadar coma as troitas contra corrente pois a favor so van os peixes mortos; remontando as dificultades, penedos e rochas que queren pechar os vieiros do seu maxin.

Ese sorriso alumea todo o teatro, rebota en cada ángulo, estoupa na cúpula e espállase envolvendo de ledicia a todos os

que de un xeito ou doutro camiñamos o seu carón, admirando a súa labourea porque o seu traballo é para todos e de todos. Leva escrito na fronte os nomes de tantos, que o longo da súa vida, foron deixando o seu grauciño de area para conformar este fermoso areal.

Un traballo dun colectivo, onde cada un da o mellor de si, xentes do cinema, do teatro, da música, do son, xente que aca-rrexas cousas e que cociña para que se poídan repoñer forzas, que fai aquilo que pode parecer o máis sinxelo para que aqueles outros que despois enchen o escenario, sexan esas estrelas que brillan cos azos de todos.

O sentimento duhna asociación que sabe vencellar o novo, o sorprendente co mellor da tradición. O que vimos e sentimos aqueles que estivemos esa tarde no Principal foi unha merenda para os sentidos, unha merenda galega a fartar de viandas maravilosas, que nos fixeron tremer de paixón e enmudecer de emoción.

Cando a ledicia é tan grande que provoca que as bágoas limpen os ollos so queda un xeito de agradecelo e é berrando ben forte . Dende estas liñas quero soltar un aturuxo tan grande que se escoite no mundo enteiro e que diga a todos :¡Queixumes van viaxando , van nos pinos e van nos ríos, van no vento e no mar por afora e para adentro levando "¡Ourense no Sentimento;"

Meu querido amigo ti levas Ourense e o mundo enteiro no sentimento. Sempre en debeda contigo, sempre obrigado.




Por Ramón Coira Luaces

A viaxe de Exeria

Valerio do Bierzo deixou escrito arredor do ano 680, trescentos anos despois, que unha muller de nome Exeria, máis forte que todos os homes, chea do espírito de Deus e de ledicia, emprendeu con todas as súas forzas e con corazón intrépido unha longuíssima viaxe por todo o mundo, deixando plasmadas por escrito as súas experiencias e o seu percorrido. A maior parte dos investigadores cren que Exeria procedía da Galiaecia, ao igual que Prisciliano. Hai incluso quen vai máis alá e apunta a hipótese de que se trataba dunha muller do seu círculo máis inmediato. Foi agarimada polos bispos, presbíteros e moxes nos lugares que visitaba. Mesmo protexida polo

exército e os seus oficiais ao atravesar por territorios nos que a súa integridade física perigaba. O Itinerario da súa peregrinaxe a Palestina e Exipto ía dirixido a unhas irmás ou compañeiras de comunidade, o que fixo pensar a algúns que se trataba dunha monxa; porén máis probablemente se tratase dunha persoa culta e acomodada pertencente a unha comunidade cristiá priscilianista, onde chamarse "irmá/án" era o habitual. Coñecía os evangelios e os textos apócrifos, o que tamén se adoitaba facer entre os priscilianistas. Chámalle a tención de que en Palestina non se xexúe sábados e domingos, o que si era frecuente entre os e as seguidoras de Prisciliano. O seu é un relato da súa



viaxe a Oriente, a pé e ás veces dacadalo, expresado con sinxeleza e naturalidade e cheo de comentarios entusiastas. A viaxe foi realizada a finais do S. IV, probabelmente na década dos anos oitenta. Atravesou o Sur da Galia, o Norte da península Itálica, cruzou en barco o mar Adriático e visitou Xericó, Nazaret e Cafarnaúm, partindo despois desde Xerusalém cara Exipto, onde visitou Alexandría, Tebas, o mar Vermello e o Sinaí. Visitou despois Antioquía, Edesa, Mesopotamia, o río Éufrates e Siria, desde onde regresou vía Constantinopla. Non se sabe nin cando nin onde morreu. Porén o seu "Itinerarium", escrito en latín, tivo éxito e chegou a ser imitado posteriormente.



Maside abre unha ruta para conectar o Castro de Santa Mariña coa Fervenza do Barbantiño

O Camiño Natural do río Barbantiño discorre polos municipios de Punxín, Amoeiro e Maside. Sendo unha das rutas máis frecuentadas por sendeiristas que se achegan ao lugar para coñecer as súas fermosas fragas, muíños, bosques de ribeira e, especialmente, a Fervenza do Cachón. Un dos puntos de baño máis concorridos en época estival.

A esta ampla oferta de elementos culturais e naturais vén de engadírselle agora un novo recurso de incalculable valor his-

tórico como é o Castro de Santa Mariña. Un xacemento arqueolóxico situado a só 15 minutos a pé dende a fervenza e que conta cunha das mellores panorámicas de todo o val do Barbantiño.

“A posta en valor do Castro de Santa Mariña é unha prioridade para nós. Dende o Concello de Maside impulsamos diferentes campañas de investigación que están recuperando un dos enclaves máis enigmáticos de Galicia. E queremos facelo da man da propia veciñanza, ofertándolles un equipamento cultural e de-

portivo do que podan facer uso en calquera época do ano. Promovendo así un lecer saudable ao tempo que garantimos a conservación do monumento e o seu coñecemento entre os centos de sendeiristas que cada ano visitan a fervenza do Barbantiño,” afirmaba o rexedor José Manuel Iglesias.

A ruta conta con tres puntos de inicio diferentes, podendo iniciarse dende os núcleos de A Casanova e San Fiz, ou dende a propia fervenza ao pé do Camiño Natural do Río Barbantiño. Todo o



A actuación está co-financiada pola Asociación de Desenvolvemento Rural Carballiño – Ribeiro GDR12.

percorrido está perfectamente balizado e conta con diferentes paneis interpretativos para valorar os recursos culturais e naturais da zona.

Unha nova iniciativa do Concello de Maside que se suma a outras xa consolidadas como a

Ruta do Románico e a aposta decidida pola recuperación do espazo natural do “Puzo Lago”. Calquera visitante pode informarse dende un panel instalado na praza de Maside e dende a web <http://rutasdemaside.com/>

Xardíns terapéuticos, protagonistas do XII Festival de Xardíns de Allariz

O xurado do Festival Internacional de Xardíns de Allariz reuniuse para seleccionar os dez xardíns que formarán parte da duodécima edición do Festival dedicado aos “Xardíns Terapéuticos, deseños que curan”.

O xurado estivo presidido polo prestixioso paisaxista portugués, Francisco Caldeira Cabral, e composto por Elsa María Matos Severino (Paisaxista), Guillermo Cuadrado (Representante da Asociación Española de Paisajismo), Rocío Rengifo, Andres Vergara da Asociación de Graduados en Paisaxismo xunto con Ignacio Somovilla, do sector do turismo e xornalismo (Bomarzo – Garden Tours) e Ana Robles (Enxeñeira de Telecomunicacións e paisaxista). Por parte do Concello de Allariz, Celestino Feijóo, director de urbanismo; Bernardo Varela, concelleiro de medio ambiente; María López, concelleira de promoción económica e Francisco García, director do Festival de Xardíns. O xurado elixiu estes dez novos xardíns que ocuparán o recinto xunto co xardín gaña-



dor da pasada edición “O camiño cara a emigración de Rosalía” e o xardín deseñado polos centros docentes de Allariz.

Foron elixidos de entre 36 propostas chegadas dende Ourense, Madrid, País Vasco, Colombia, Italia, Estados Unidos, Brasil, Escocia e Montenegro, entre outros.

“Os xardíns son espazos que propician o benestar, o relax, o disfrute dos sentidos, espazos para o corpo e para a alma que

contribúen ao noso equilibrio físico e psíquico, espazos de saúde. Un xardín terapéutico é un espazo ao aire libre que está deseñado especificamente para satisfacer as necesidades físicas, psicolóxicas, sociais e espirituais das persoas que usa o xardín, así coma as dos seus coidadores, familiares e amigos”, asegura a organización. Todas estas premisas foron as que levaron ao xurado do Festival a escoller este tema.

Obras de illamento solar de vivendas públicas en Allariz



Colocaranse lamas exteriores para evitar o quecemento da fachada á rúa Irmandade.

A Xunta de Galicia licitou por máis de 120.000 euros as obras de illamento solar dun grupo de 32 vivendas de promoción pública e centro de día en Allariz. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou esta licitación na Plataforma de contratos da Xunta, co fin de dispoñer elementos de protección solar nas carpinterías das vivendas con orientación su-

roeste e obras de conservación e mantemento neste inmovible.

A fachada da rúa Irmandade, orientación suroeste, vese afectada pola radiación solar, que incide sobre os vidros das carpinterías e penetra ao espazo interior provocando o sobrequecemento do ambiente da vivenda. O prazo para a presentación de ofertas a este contrato permanecerá aberto ata o vindeiro 28 de xaneiro.

Expourense celebrará tres das seis feiras internacionais de Galicia

Expourense celebrará en 2022 tres feiras internacionais recoñecidas polo Goberno de España, que supoñen a metade das celebradas habitualmente en toda Galicia. Estas tres citas internacionais de Expourense para o próximo ano son: Funergal (11ª Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios – 19 e 20 de maio); Termatalia (20ª Feira Internacional de Turismo Termal, de Saúde e Benestar – 29 e 30 de setembro); e Xantar (23º Salón Internacional de Turismo Gastronómico – 9 ao 13 de novembro).

O calendario de Expourense e o Plan de Actuación que inclúe os orzamentos para 2022 foron aprobados durante a última reunión do ano Padroado da Fundación Expourense na que participaron representantes das entidades que o integran: Xunta de Galicia, Con-

cello de Ourense, Deputación de Ourense, ABANCA, Confederación Empresarial de Ourense- CEO e Concello de San Cibrao das Viñas. Esta reunión estivo dirixida polo director xeral de Comercio, Manuel Heredia, por delegación do presidente do Padroado, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde. Asistiron o director xerente e a directora de Administración de Expourense.

O calendario do recinto ourensán completárase con 7 citas máis ata completar un total de 10 feiras en 2022. Ás citas internacionais acompañanlles outras feiras de carácter autonómico ou peninsular como a Mostra da Oportunidade, Previsel, Car Outlet, Sportur Galicia, Salón do Automóvil Novo, Salón do Automóvil de Ocasión e a Feira de



Reunión do Padroado da Fundación Expourense.

Antigüidades Antiq Auria. A estas citas hai que sumar ademais as competicións deportivas que vaian celebrarse na pista de atletismo instalada no recinto, unha das mellores de Europa. Entre estas probas destaca o LVIII Campionato de España Absoluto de Atletismo en Pista Cuberta que terá lugar entre o 25 e o 27 de febreiro.

Expourense afronta o 2022 co reto de organizar as súas feiras contando por primeira vez coa conexión de Alta Velocidade a Madrid que coloca á cidade a dúas horas e cuarto da capital de España, o que facilitará a participación de expositores e participantes nestes eventos. Ademais, o feito de ser o recinto feiral da

porta de entrada a Galicia e contar cunhas instalacións amplas, modernas e versátiles, reforzará o posicionamento de Ourense como destino do sector MICE (Meeting, Incentives, Conferencing e Exhibitions), é dicir, como o espazo idóneo para que institucións e empresas elixano para organizar distintos eventos.

A Xunta colaborará con San Xoán de Río na humanización da rúa principal

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde de San Xoán de Río, Xosé Miguel Pérez, mantiveron unha reunión na que o rexedor lle presentou os detalles deste proxecto de interese municipal.

A conselleira trasladoulle a colaboración da Dirección Xeral de Urbanismo para levar a cabo a cargo dos orzamentos de 2022 unha primeira fase. Este departamento analizará esta iniciativa, que ten por obxectivo global mellorar o aspecto da vía principal do municipio, para determinar os termos e posibilidades de colaboración, que quedarán recollidos nun convenio. Este proxecto é asumido pola Consellería nun 70% do custo das obras e a porcentaxe restante pola Administración local.



Ángeles Vázquez e o alcalde Xosé Miguel Pérez, á esquerda.

Outro dos temas polos que se interesou o alcalde foi o Fondo de Cooperación, unha liña coa que os concellos acceden a préstamos sen xuros para levar a cabo actuacións en inmobles municipais, co fin de habilitar novos espazos para o uso da veciñanza, como a adquisición ou rehabilitación de edificios para

habilitar vivenda ou de usos múltiples. A conselleira invitou ao rexedor a participar deste fondo, que está dotado de 20 millóns de euros, para emprender unha actuación de interese para o Concello e, deste xeito, sumarse aos 25 concellos que xa apostaron por esta medida que permitiu poñer en marcha 48 actuacións.

Aumentan en España os delitos de odio

Xoán Antón Pérez Lema, avogado coruñés, presentou no Liceo de Ourense o seu libro “Quando grupos vulnerábeis são feridos. A figura xurídica dos delitos de odio”.

O colaborador de Novas do Eixo Atlántico refírese no volume aos delitos de odio en España e noutras latitudes. “Os delitos de odio teñen que ser persoas que sofren discriminación por razón sociais, de relixión ou de calquera outra circunstancia. O delito de odio é unha extralimitación da liberdade de expresión e pode ser condenado, incluso polo Dereito Penal, porque hai un abuso”, dixo Pérez Lema na presentación.

“Estase a usar a liberdade de expresión para unha finalidade destrutiva da sociedade e a defensa destas minorías resulta fundamental,” engadiu. “A liberdade de expresión ten límites, e si se extralimita, xa non é liberdade de expresión e non pode impedir a actuación do estado de dereito.



Xoán Antón Pérez Lema.

Hai que reaccionar cos instrumentos da opinión e da verdade”. O avogado percibe un aumento considerable en España dos delitos de odio.

A Xunta executará dúas sendas peonís no Pereiro de Aguiar

A Xunta licitará na vindeira primavera as obras de dúas novas sendas peonís nas estradas OU-536 e OU-101, no Concello do Pereiro de Aguiar, que suporán un investimento autonómico de arredor de 1,8 millóns de euros cos que tamén se actuará nos concellos de Paderne de Allariz, San Cibrao das Viñas e Esgos. Así o avanzou a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, no encontro que mantivo co alcalde, Luís Menor.

A titular de Infraestruturas explicou que nas vindeiras semanas está previsto contar con proxectos definitivos destas dúas actuacións, que se reformularon para minimizar en todo o posible as afeccións aos veciños, atendendo así as alegacións recibidas tras os procesos de información pública,

así como as necesidades que transmitiron os concellos.

Concretamente, proxéctase a construción de novos treitos de senda na estrada OU-101: na Medorra, entre os puntos quilométricos 7+750 e 9+420; e no Paisao, entre os quilómetros 13+780 e 14+230. O investimento estimado é de arredor de 865.000 euros.

Na estrada autonómica OU-536 executaranse novos treitos de itinerarios peonís nas Vendas, entre os quilómetros 11+890 e 12+810, e en Santa Baia, entre os puntos quilométricos 9+100 e 11+120. Estas actuacións contarán cun investimento autonómico próximo aos 930.000 euros.

Ethel Vázquez confirmou que, atendendo á solicitude do Concello, estes proxectos recollerán a preinstalación dos servizos de alumeadado, como se fixo nas sendas

que están actualmente en execución nas estradas OU-536 e OU-537. Estas dúas actuacións serán cofinanciadas con fondos REACT e FEDER do período operativo 2014-2020.

A conselleira de Infraestruturas tamén se comprometeu a avaliar a viabilidade dun novo itinerario proposto polo Concello, para conectar a senda en execución da estrada OU-537, que chega ao parque empresarial e ao parque acuático, co encoro de Cachamuíña, cruzando a estrada OU-536.

Vázquez Mourelle informou que se retomaron os traballos das sendas na OU-537, na contorna dos parques empresariais, e na OU-536, na Derrasa, unha vez realizada a preinstalación do alumeadado público e a restitución dun treito de luminarias. O grado de execución dos traballos rolda



Luis Menor coa conselleira Ethel Vázquez.

actualmente o 50%.

Estase a construír un novo itinerario pola marxe dereita da estrada autonómica OU-537, a vía dos parques empresariais, cunha lonxitude aproximada de máis de dous quilómetros, entre a intersección coa OU-101, na Medorra, e a intersección coa OU-536, na Derrasa.

A outra senda vai pola marxe esquerda da OU-536, desde o punto quilométrico 7+080, á altura da ponte sobre o río Loña, no trazado da antiga estrada, fre-

cuentada por peóns pola proximidade do encoro de Cachamuíña, ata o paso de peóns do punto 8+080, na Derrasa.

Estes dous treitos de senda mixta, peonil e ciclista, supoñen un investimento da Xunta superior a un millón de euros. Están incluídos no Plan de sendas na comarca de Ourense, que suma un total de 15 quilómetros de itinerarios, seguros, sostibles e integrados na paisaxe, cofinanciados con fondos FEDER 2014-2020 para o fomento da mobilidade sustentable.

O Pereiro adquiriu a casa que foi do escritor Ben Cho Shey

O Concello do Pereiro de Aguiar xa é dono da casa do escritor Ben Cho Shey e a súa dona Isabel Agarra Díaz, no pobo de Caspiñón (parroquia de Santa Marta de Moreiras) onde exerceron de mestres. Nesta casa o autor escribiu a súa gran obra: "Santa Marta de Moreira. Monografía dunha parroquia Ourenzá (1925- 1935)", en honra a parroquia que o acolleu e na que desenvolveu boa parte da súa prolífica labor de investigación e creación. "Este proxecto inscribíse no obxectivo do Concello de reivindicar as nosas tres grandes figuras históricas: O Padre Feijóo, o coronel Cachamuíña, e Ben Cho Shey", sinala Luís Menor, o alcalde.

Por iso o Concello inicia o desenvolvemento dun proceso que conlevará a reivindicación e divulgación da figura deste ilustre galeguista que residiu



Casa de Ben Cho Shey e Isabel Agarra, adquirida polo Concello.

no Pereiro. O proxecto cultural Ben Cho Shey, que arranca coa adquisición da vivenda do escritor, "é un paso máis neste firme propósito que serve para colocar ao noso Concello nun privilexiado lugar que lle corresponde por acoller a estas tres ilustres figuras", sostén o

alcalde.

"Grazas a Deputación, especialmente ao seu presidente Manuel Baltar, por axudar a que este proxecto arranque e se constitúa como un elemento máis de dinamización e renome para o noso Concello da man do noso ilustre veciño".

O futuro centro de día do Pereiro programa actividades



Fabiola García con Luís Menor, alcalde do Pereiro de Aguiar.

A conselleira de Política Social, Fabiola García, reuniuse co alcalde do Pereiro de Aguiar, Luís Menor Pérez, para buscar vías de colaboración que permitan a posta en funcionamento do futuro centro de día e de atención integral á dependencia da localidade. O inmoible foi impulsado e construído polo Concello.

O Goberno galego explorará as vías para financiar un programa de actividades deseñado para que as persoas maiores poidan manter un ritmo de vida activo, contén con terapias adaptadas ás súas necesi-

dades e se poida previr un maior deterioro físico e cognitivo. A conselleira destacou durante o encontro a importancia de contar cun servizo destas características para que os veciños poidan recibir atención especializada.

O futuro centro de día do Pereiro de Aguiar será o primeiro deste concello, polo que se trata dun servizo moi agardado e demandado. Ademais de achegar coidados ás persoas maiores da zona, permitirá impulsar un respiro para os familiares coidadores e a creación de emprego nun sector coma o dos coidados.

Roteiro monumental pola Ribeira Sacra en tres etapas



Por Amelia e Julio Lamelas Míguez

Ribeira Sacra nunca deixa de asombrarnos. As súas paisaxes, as súas cores, os seus matices, nas distintas estacións do ano; os seus monumentos, as súas igrexas, os seus pazos, os seus personaxes, os seus camiños, representan unha maneira sempre nova de descubrir o gran misterio que encerran. Misterio que naceu xunto ao carballo sacro, estendeuse ao longo do río

e fraguouse na historia das xentes que ao redor de mosteiros e outros lugares sacros crearon cultura. A cultura dos libros, pero tamén a cultura do viño, da castaña, do aceite, do mel; a cultura da convivencia e o camiño de Europa.

Non podemos esquecer que por estas terras pasa tamén o Camiño de Santiago, o Camiño do Inverno, e que nesta terra sacra monxes, escultores, arquitectos, pintores do Románico, do Gótico, do Renacemento, do Barroco... deixaron as súas pegadas. Tamén temos importantes testemuños das orixes do monacato primitivo de Galicia nestas terras ao penetrar o cristianismo nelas polo roteiro do Sur, polas calzadas romanas da Bética a Braga e desta a Lugo e Astorga e como non destacar a presenza nestes

lugares da monxa Eteria ou Egeria (s. IV), dirixíndose ao Bierzo na súa peregrinación a Terra Santa.

Moitas son os roteiros que poderíamos facer en dous ou tres días: o roteiro do románico, o roteiro dos mosteiros, o roteiro gastronómico, a do viño, a da castaña ou do mel, o roteiro das casas rurais, o roteiro dos pazos (abundantes no Concello de Taboada), o roteiro dos ríos (Miño, Sil e Mao) ou o roteiro dos espazos naturais (Canón do Sil desde os Balcóns de Madrid, o Canón do río Cabe, o Canón do Miño desde onde pode verse o Cabo do mundo, o Monte Faro en Chantada, a serra de San Mamede e o Bidueiral de Montederramo, a Serra de Queixa e os montes do Invernadeiro, Cabeza de Manzaneda e Cabeza de Meda, a Serra do Courel e os Ancares, etc.; ou a magnífica vista desde o Santuario dos Remedios de Cadeiras en Sober (s. XVIII) onde se celebra unha famosa e concorrida romaría o 8 de Setembro). Son moitas as posibilidades de descubrir e sentir a beleza e o misterio deste territorio que comprende 12 concellos da provincia de Lugo (Portomarín, Paradela, Taboada, Chantada, O Saviñao, Pantón, Carballedo, Sober, Quiroga, Ribas de Sil, Monforte de Lemos e Pobra do Brollón) e 8 de Ourense (A Peroxa, Nogueira de Ramuín, Esgos, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Parada de Sil, A Teixeira e Castro



Visitantes ao castelo de Castro Caldelas.

Caldelas). Con todo, ante este misterio inesgotable da natureza, da arte e da historia, quixésemos ofrecer ao viaxeiro que se achega a él un roteiro en tres etapas nas que facemos referencia máis a lugares artísticos ou monumentais, sen desprezar algunha pincelada paisaxística que xurda no camiño. Chamáremoslle roteiro monumental que poderá realizarse en dous ou tres días, tres etapas.

1ª Etapa: Ribeira do Miño (Saída de Monforte de Lemos)

Desde Monforte dirixímonos pola N- 120 a Ferreira de Pantón, onde visitaremos o Mosteiro das Bernardas ou San Salvador de Ferreira (s. XII- XV- XVIII). Impresionante a súa igrexa románica, con ábsida semicircular e gran sinxeleza arquitectónica. Presídea a imaxe románica sedente que representa á Virxe co Neno no seu colo, realizada en madeira policromada. En Semana Santa é posible asistir aos cultos e oficios, especialmente coidados, coa participación das monxas nos cantos e outras partes da liturxia. A 3 kms. atópase San Miguel de Eiré

(finais do s. XII), elegante, compacta e nunha cima que nos lembra as igrexas do prerrománico asturiano. Desde Eiré poderíamos retroceder á N- 120, en dirección aos Peares, para visitar o mosteiro de San Vicente de Pombeiro (s. XIII), a beiras do Sil, construído polos monxes de Cluny. Sobresae polo seu volume compacto e unha igrexa con planta de tres naves rematadas en tres ábsidas.

Retomamos a N- 120, continuamos en dirección a Escarón (O Saviñao) e na Cova detémonos para contemplar a igrexa de San Martín da Cova (finais do s. XIII), con pinturas murais do s. XVII e retablos barrocos. A poucos quilómetros outra igrexa románica, San Paio de Diomondi, entre prados e fragas verdísimas, cun fermoso pórtico de entrada, con columnas e capiteis figurados.

Agora dirixímonos a Chantada pasando por Belesar, onde o río Miño, coas súas ladeiras de viñedos, "carballeiras", castiñeiros e bosques, é o protagonista. Xa en Chantada, cuxa zona antiga, coas súas casas blasonadas (ss. XVI-



Mosteiro de Santa María de Montederramo.

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

Ribeira Sacra

Redacción OURENSE



San Pedro de Rocas (Esgos).

XVII), as súas rúas empedradas e con soportais, consérvase moi ben, poderemos visitar a Casa Grande de Lemos, hoxe Casa de Cultura, e a igrexa románica de

santa María de Pesqueiras, con pinturas murais do século XVI, e unha das máis fermosas imaxes medievais da diocese de Lugo: a Virxe sedente co Neno, María fa-

cendo de trono ao seu Fillo segundo a iconografía habitual do mundo románico. E camiñar polo paseo fluvial do río Asma, ata o muíño da Alameda e a área recreativa de O Sangoñedo.

Despois da visita e paseo polo casco antigo de Chantada, regresamos a Monforte polo corredor Rápido (CRG- 2.1), pero antes deterémonos en Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao) (s. XIII), situada tamén entre fragas frondosas, maxestosa, cun fermoso rosetón, e excelente mostra das influencias do Mestre Mateo na Galicia interior. Xa en Monforte de Lemos, atopámonos cunha das cidades máis ricas en patrimonio artístico da “Ribeira Sacra”, probablemente debido, entre outros motivos, ao poder dos condes. Nela destaca o “Escorial Gallego” (algúns tamén aplican o nome ao Mosteiro de Montederramo) ou Colexio da nosa Señora da Antiga (s. XVI) ou da Compañía, que logo pasou a ser dos Pais Escolapios. De estilo herreriano, na igrexa de arquitectura Jesuítica (ou da Compañía) podemos admirar o impresionante retablo en madeira de nogueira de Francisco de Moure. Na súa pinacoteca des-

tacan dúas obras do Greco e tres cadros atribuídos a Andrea do Sarto.

O conxunto monumental de San Vicente do Pino (ss. IX- XVII), situado no punto máis alto da vila, está composto por unha torre da homenaxe, resto do antigo castelo, e un mosteiro beneditino, hoxe Parador de Turismo. A igrexa posúe un retablo de estilo churrigueresco coa Virxe de Montserrat, patroa da vila, que chama a atención por ser a única Virxe negra de Galicia. Desde esta cima, con magníficas vistas do val de Lemos e as montañas de ao redor, baixan rúas estreitas do, no seu día, barrio xudeu. Por estas rúas, todos os anos, en Pascua celébrase a Feira Medieval, un mercado cos máis variados produtos típicos, que nos lembran a Idade Media e os costumes de entón.

Por último, hai que destacar o Convento das Clarisas (s. XVII). Posúe unha das mellores coleccións de arte sacra de España, con obxectos de ouro e prata, moitos deles traídos de Italia e fermosas pezas talladas como o Cristo Yacente de Gregorio Fernández. Atópase xunto á “ponte vella” sobre o río Cabe, que data

do século XVI, aínda que con vestixios romanos.

2ª Etapa: Ribeira do Sil Occidental (Saída de Ourense)

Desde a capital das Burgas dirixímonos aos Peares pola N- 120, bordeando a ribeira do Miño. Antes da ponte que nos leva aos Peares, tomamos a estrada de servizo hidroeléctrico, que nos conduce ata o embarcador de Santo Estevo. Desde aquí poderemos realizar un percorrido en catamarán de tres horas de duración aproximadamente (ida e volta), polo río Sil, ao longo dun dos tramos máis espectaculares da Ribeira Sacra, que nos permitirá gozar de sobrecogedoras paredes verticais, cos seus viñedos e bancas e grandes masas de vexetación autóctona.

De volta ao embarcador, subiremos por unha estrada zigzagante con dirección a Luínta. Un pouco antes de chegar a esta vila, capital do Concello de Nogueira de Ramuín, desvíamonos, para achegarnos ao mosteiro beneditino de Santo Estevo de Ribas de Sil (s. XII- XVIII), actualmente Parador de Turismo. “Descóbrese de improviso, nunha paraxe maxestosa, empolicado so-



VÍSTA O TRASNO



Rúa Lepanto, 10 . Ourense

MESÓN TAPERÍA

EL CORRAL

COMIDA MEXICANA GALEGA

Especialidade cocina galega, española e mexicana

Empanadillas variadas

Comida para levar

988 24 09 22. 607 236 581

Praza dos Suaves. OURENSE

ORO Y PLATA

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75



Orixe

PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN

988 60 70 75

Francisco de Moure 20, Ourense

Orixe Publicidade

jba

servicios inmobiliarios

info@jbainmobiliaria.com

988 10 20 75

www.jbainmobiliaria.com

bre un espolón rochoso que domina unha profunda garganta tallada polo Sil nos montes graníticos" (Guía Michelin). Parece que xa foi fundado no século VI por San Martín Dumiense, como filial do mosteiro de San Salvador de Prexigueiró (Pereiro de Aguiar). A igrexa é de estilo románico, cunha ábsida de tres corpos no que o central é máis baixo que os laterais para aproveitar mellor o rosetón da fachada. É curioso o retablo de pedra que se atopa no interior da mesma, do románico, no que se representan as figuras de Xesucristo, rei e mestre, e os Doce Apóstolos (no anverso) e a soa figura de Cristo no centro (no reverso). O claustro dos Bispos

é gótico tardío na parte baixa, mentres que na parte superior é renacentista. Os outros dous, renacentistas, como se pode apreciar no seu equilibrio e elegante sinxeleza. A fachada é barroca e está presidida polo escudo da España Imperial.

Agora dirixímonos a Luíntra e desde aquí tomamos a estrada que nos conduce a San Pedro de Rocas (s. VI), no municipio de Esgos, orixinal mosteiro escavado na roca que "situado no fondo de feracísima crebada, cuberta de lozana vexetación, contrasta coa aridez das montañas que lle circundan a modo de maxestoso anfiteatro" (A. Vázquez Núñez, BCMO, 2 (1902- 1905)54- 63).

Segundo unha inscrición nunha lápida de granito do 573 nos seus comezos foi un eremitorio – ou sistema de eremitorios- de anacoretas dispersos na montaña que aos poucos sentiron a necesidade da comunidade ou "familia" dando paso a unha vida cenobítica, na que aqueles homes de Deus reuníanse polo menos para celebrar en común certos actos relixiosos nunha mesma igrexa. As naves da mesma foron escavadas nas rocas de granito, a modo de covas e nelas atópanse abundantes e curiosos sartegos antropomorfos tallados en pedra. O mosteiro foise ampliando para acoller a máis monxes ata o abandono forzoso no ano 716 por mor da invasión musulmá dirixida por Abdelaziz, fillo de Muza. Despois dun século e medio de abandono, a finais do século IX e principios do X, restáurase a vida monástica e recupérase a igrexa, descuberta en ruínas no medio da espesura do bosque cando o cazador Gemondo, segundo conta a lenda, perseguía a un cervo. "Sentiu de súpeto moi viva a chamada de Deus, que lle mostraba aquel lugar de santidad e alí decidiu quedar



Casa Grande de Lemos, hoxe Casa de Cultura de Chantada.

oculto moitos anos exercitándose na vida eremítica, ata que outros cazadores deron con el e, segundo parece, animados polo exemplo de santidad de Gemondo, quedaron na súa compañía e elixíronlle abade. O suceso non tardou en chegar a oídos do piadoso monarca Alfonso III, que lles fixo doazón do lugar e dotou o mosteiro de cuantiosos bens" (véxase E. Duro Peña, O mosteiro de San Pedro de Rocas e a súa colección documental, Ourense 1972, pp. 35-36). Os séculos XII e XIII foron de gran esplendor,

tendo en conta que Rocas nunca foi unha abadía, senón un mosteiro modesto, un priorado. A configuración do terreo non permitía o esquema construtivo doutros mosteiros como Santo Estevo ou Montederramo. Pero a partir do século XIV ata o XVI comezan a decadencia e o ocaso. Do século XVI é o atípico campanario construído no alto dunha roca. Despois de visitar o cenobio, seguimos a estrada ata chegar á comarcal (OU- 536), antiga Ourense- Ponferrada, que nos conducirá ao momento de partida.



Colexio dos Escolapios e San Vicente do Pino, ao fondo, en Monforte.

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
"VEGETARIANOS Y VEGANOS"

MariaTapas
Bar

Comidas para levar

Rúa Unión 1
651 853 881

E · N · T · E · R ·

Deseño de páxinas web Tenda online

enter informática
Pura y Dora Vázquez, 8 bajo
3 2 0 0 2 Ourense
Telf.: 9 8 8 3 7 0 9 2 7
enter@enterinformatica.org
www.enter.gal

Revista Cultural
Nós, a Xente do Redor Nº5

Xa a Venda en: **Orixe** Publicidade 988 60 70 75 - 672 435 891

Nos, a Xente do Redor
Revista Cultural
5€

Ribeira Sacra

Redacción OURENSE

3ª Etapa: Ribeira do Sil Oriental (Saída de Castro Caldelas)

De Castro Caldelas pola estrada que vai a Monforte desvíamonos á esquerda antes da Abeleda para dirixirnos cara á Teixeira. En Santa Tegra, no val de Abeleda, á dereita pódese ver o mosteiro de San Paio, en ruínas, actualmente propiedade do Bispado. Na Idade Media foi un importante cenobio por ser punto estratéxico na zona. Fundado no século XII, sufriu moitas transformacións posteriores ata converterse en abadía. Despois da desamortización de Mendizábal, foi comprado polos Duques de Alba no ano 1873. Logo pasou a mans de particulares ata a actualidade. Hai que destacar a igrexa románica, tamén en ruínas, con planta de cruz latina, unha soa nave, con tres corpos separados por arco de medio punto con motivos decorativos. O pórtico de entrada é gótico e aos dous lados en relevo en pedra as figuras de San Pedro e San Pablo.

Xa na Teixeira teremos a oportunidade de gozar dunha impresionante panorámica do val do Sil. Chaman a atención as casas

típicas, coas súas adegas, así como os “cruceiros” e muíños. Houbo en época visigótica un cenobio, o de San Vitor, do que só se conservan uns sartegos tallados en pedra. Na capital do municipio atópase a capela de Santa Cristina, con arco de medio punto no pórtico e retablo neoclásico. A aldea Lumeares estruturase ao redor dun fermoso conxunto arquitectónico, con hórreos, “cruceiros”, peto de ánimas e ponte. Desde aquí dirixímonos a Cristosende, onde poderemos admirar a beleza dun caserío tradicional, a Casa Grande, dedicada ao turismo rural, descansar na desembocadura do río Mao no Sil (San Lorenzo de Barxacoba), para logo visitar os pobos de Sacardebois e Chandrexa, famosos polo seu viño.

En Parada de Sil faremos dous percorridos: o primeiro, aos Balcóns de Madrid, quizá o mellor miradoiro natural de toda a Ribeira Sacra, e o segundo, ao mosteiro benedictino de Santa Cristina de Ribas de Sil (ss.XII- XVI), ao que se chega por unha estrada, estreita, solitaria, chea de curvas, a través dunha frondosa vexeta-



Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao).

ción. Non hai moitos anos accedíase por carreiros e estaba totalmente abandonado. A igrexa é románica, cun gran rosetón na fachada e pórtico con decoración vexetal. O interior é sobrio e escuro con planta de cruz latina e restos de pinturas, con personaxes da orde benedictina e do Císter, bíblicos e da hagiografía cristiá (p. ex. a mártir Santa Cristina).

Desde Parada de Sil dirixímonos a Vilariño de Frío, onde poderemos visitar os restos dunha ponte romana polo que pasaba a Vía Nova (s. III), calzada romana que cruzaba a provincia de Suroeste a Nordés, unindo as cidades de Braga e Astorga. E desde aquí desprazámonos ao mosteiro de Xunqueira de Espadanedo (ss. XII-XVIII), cuxo claustro é renacentista (s. XVI), conservando unha parte do século XII, e a igrexa, románica de tres naves, tres ábsidas e arcos apuntados no interior, característico da arquitectura cisterciense. A fachada é barroca. O Concello, a Biblioteca municipal e a oficina de Correos aproveitan unha das ás do vello mosteiro, de estilo renacentista.

De volta a Castro Caldelas, en

Leboreiro, inmediatamente despois de Villariño de Frío, desvíamonos á dereita para visitar o mosteiro de Santa María de Montederramo (ss. XII- XVII), lugar no que a denominación “rovoyra sacra” (“roble sacra”- “robur- carballo”) que está “in Monte de Ramo” (“ramus- árbore”) (segundo consta no documento fundacional do mesmo outorgado por Dona Teresa de Portugal ao abade Arnaldo e monxes benedictinos – que así eran ao principio- en Allariz o 21 de Agosto de 1124), pasou a converterse, co paso do tempo, en “rivoyra sacra”, estendéndose aos distintos mosteiros, ermidas e igrexas das ribeiras dos ríos Miño e Sil. Quizá un testemuño desta “árbore sacra” sexa a “caracocha” milenaria que se atopa na praza do Concello, á beira da fonte. A orixe desta abadía hai que buscalo nun cenobio benedictino construído a principios do XII na aldea de Seoane Lanuxe (Graña de Seoane). Posteriormente coa reforma, pasou ao Císter, establecéndose no lugar antes mencionado (Montederramo), e converteuse nun dos mosteiros máis importantes da “rovoyra/rivoyra

sacra” e de Galicia, entre outros motivos por ser un dos máis prestixiosos centros de estudos e formación dos cistercienses de España, de onde saíron grandes personalidades. O edificio actual é renacentista e nel destaca a súa maxestosa igrexa de estilo herreiriano, con tres naves abovedadas e unha de cruceiro que conflúen nunha cúpula de gran harmonía e beleza. O resto do conxunto artístico monumental cos seus dous claustros mantense dentro da sinxeleza e equilibrio arquitectónico do Renacemento. Dignos de admiración son: o coro co seu sillería e taboleiros con relevos de escenas e personaxes do Antigo e do Novo Testamento, xa restaurado, aínda que faltan algunhas táboas, obra de Alonso Martínez, mestre de Francisco de Moure, e o retablo maior, recentemente restaurado e instalado, grandioso e sobrecedor, de Mateo de Prado, escultor compostelán.

E terminamos a nosa viaxe en Castro Caldelas. Non podemos irnos de alí sen visitar o Castelo do século XIV. Posúe varias torres: a do reloxo, a da homenaxe e, probablemente, a do cárcere. A súa historia foi especialmente convulsa no século XV, coa revolta “Irmandiña” e as loitas posteriores entre os condes de Benavente e de Lemos. No 1808 foi incendiado polas tropas francesas en retirada, despois de ser atacadas polos veciños. En 1991 foi cedido pola Casa de Alba ao Concello para destinalo a fins culturais. Á beira atópase o “Pazo da Torre”, belamente restaurado, que foi sede do Centro Comarcal das Terras de Caldelas. E dúas igrexas: a renacentista de Santa Isabel (próxima ao Castelo) e o templo neoclásico santuario da nosa Señora dos Remedios (1820- 1840) no centro da vila.



O mosteiro de Santa Cristina, en Parada de Sil, abrirá en marzo.

Aproximación

Esta aproximación pretende ser soamente unha pequena guía para aqueles que en poucos días ou nun só día queren coñecer un pouco máis a riqueza da Ribeira Sacra e os seus misterios. Porque é inesgotable, o noso traballo é moi limitado. Noutra ocasión gustaríanos sinalar detalles, monumentos, lugares de Ribas de Sil (San Clodio), Quiroga, A Pobra de Brollón, Paradelá, Portomarín, Taboada, Carballedo, A Peroxa.

Teríamos que deternos, posiblemente en próximas colaboracións, nas curiosidades da Ribeira Sacra, non só as artísticas ou monumentais, senón tamén as humanas, porque somos os seres humanos os que fixemos e imos facendo a historia e as historias, os costumes, os modos de vida, a cultura e tamén a relixión. Porque esta “ribeira” tan humana, tan bela, tan fascinante, ten moito de “sacra”.



Plaza do Campo en Pinol, Sober.

Por Moncho Mariño

Diego Ameixeiras, escritor

“Existe unha deshumanización moi grande dentro da sociedade”

O *cervo e a sombra* é a última novela de Diego Ameixeiras, autor ourensán coñecido por tratar o xénero negro dentro da literatura en galego. Co seu último traballo ofrece unha nova perspectiva sobre a drogadicción, as posibilidades de reinsertarse e de como as pantamas do pasado

forxan un futuro incerto nunha cidade convertida en microcosmos, principio e fin de todas as cousas para os marxinados da sociedade. Ameixeiras achégase á realidade máis actual ao tempo que recolle retrincos de memoria histórica e da memoria dos e das que xa non están e de quen está sen estar.

-Nesta novela mesturas unha serie de personaxes que van desde os okupas de agora, a xeración afectada pola heroína dos oitenta e persoas maiores vinculadas a movementos de esquerda. Sucederá en todas as cidades, mais polo que se pode ver en *O cervo e a sombra*, Ourense parece unha cidade aluviñón de persoas dispare.

A cidade está de fondo e nela viven, ou malviven, os personaxes dentro dese entorno. Todos teñen unha relación especial con ela. Están quen a padecen no presente, caso do protagonista, e outros como Irene para quen a cidade forma xa parte do pasado. Si é certo que hai xente moi diversa, algúns cun pé na marxinalidade e na precariedade, outros teñen problemas de adicción e case todos levan detrás algunha perda. Non sei se a cidade do presente se parece un pouco a iso mais a min parecía necesario tela de fondo cando escribín a novela, pois é un relato onde a memoria ten moito peso. Volvo ao protagonista, pois é alguén que pensa no seu pasado, sobre todo na morte dos seus pais. Todo iso case me obrigaba a ter presente Ourense, pois é a cidade onde me criei, ese paraíso da infancia que acaba rompendo.

-Hai un “personaxe” especial na novela, a estación de San Francisco. Debe ser como un lugar mítico para todos os ourensáns, até hai discos que levan por título o nome da estación.

Personalmente teño unha relación moi próxima con esa estación pois até os dezaseis anos

vivín no barrio de San Francisco e vía pasar os trens todos os días. Xoguei alí, crieime alí e formaba parte da miña vida diaria. Se ía escribir algo relacionado coa memoria e a cidade, esa estación tiña que aparecer dalgunha maneira. O protagonista vive noutra parte da cidade mais lembra os xogos infantís arredor dese lugar. E aínda que hoxe en día ese lugar

está moi cambiado, para min, un neno dos 80, é un lugar moi mítico en varios sentidos. Cando es neno os trens sempre producen fascinación e cando estás dentro dunha cidade, a estación dá un aire urbano peculiar, unha sensación de liberdade porque eu xogaba por alí e vía subir e baixar xente, iso facía fantasear con viaxes. Tamén era un lugar moi sinistro nos 80 porque a heroína estaba moi presente, en concreto un dos túneles da estación era o lugar onde se “picaban” as persoas adictas. Para nenos de entre sete e dez anos ver como a xente da xeración anterior á túa estaba metida nesas historias pois era impactante. Iso pasounos dalgunha maneira aos que medramos naquel momento, ver como caían persoas pola adicción. Eu asocio todo isto á peculiaridade de que no meu barrio estaba esa estación, cunha imaxe reflectida en discos e tamén a esa “confusión” coa cidade californiana do mesmo nome.

-Indo aos personaxes, o protagonista reflexiona sobre momentos do seu pasado. Cal é o exercicio que realizas para “introducirte” na cabeza dunha persoa así?

Hai unha parte de ficción pura onde deixas traballar a imaxinación. Logo hai outra parte con máis peso, aquela onde ti mesmo como autor permites que esa parte de ti saia no libro. Ao final un acaba mostrándose en todo canto escribe. O proceso relacionado coa maneira en que te enfrontas aos teus medos, como no caso do protagonista e o intento de superar a morte dos pais, é unha suma de imaxinación e aquilo que un poida utilizar da propia memoria emocional, un proceso nada doado cando un escribe. Eu uso eses dous elementos mais co pasar dos anos un vaille dando máis peso ás memorias e feridas do tempo, pois aí está o manancial das narracións. A imaxinación déixala fluír para ver como saen tramas e historias, mais todo iso colle peso cando aparecen os grandes temas como son o tempo, o amor ou a morte.

-Teño unha impresión que non sei se compartes, mais é como se os adictos se convertesen nunha caste de “mobiliario urbano”, uns personaxes máis da “fauna” urbana e de aí a indiferencia cara a eles.

É certo que existe unha deshumanización moi grande dentro da sociedade. Hai unha falta de sensibilidade cara adictos, xente sen emprego e outros tipos de exclusión social. Quizais en vilas ou cidades pequenas ese fenómeno non estea tan agravado pois hai unha cercanía. Mais dentro das grandes cidades quen está na rúa ou se ve marxinado, pois pode sentirse como un punto sospeitoso ou formando parte da paisaxe. Coas miñas novelas non



busco ser un altofalante, aínda así creo que estas persoas deben ter unha identidade. O público le novelas ou ve series onde a maioría dos personaxes son de clase media, pois son a maioría. Logo hai quen se sorprende cando novelas e series se centran en persoas na marxinalidade, outra cousa é facer boa literatura ou TV con ese contexto e esas persoas, mais nos meus libros intento que estean aí.

-Que punto querías tocar introducindo un personaxe relixioso dentro da trama?

Cando estaba deseñando a trama da novela e o personaxe principal, tamén quixen abrir unha porta de esperanza dalgunha maneira. Como o personaxe

principal é alguén que pasou por todos os infernos agora quere ter algún tipo de certeza ou de esperanza na vida. Por iso a aparición dun cura que se fai amigo del e ademais ten unha certa inquietude social, un cura que está na rúa non permanece afastado da realidade. A min pareceume interesante contraponer eses dous mundos, o das drogas, da marxinalidade e a escuridade coa do cura que intenta ser esa luz de esperanza dentro dese mundo tan escuro. Tamén crear un diálogo entre alguén que cre e outra persoa non crente mais que busca respostas ou pide explicacións sobre as cuestións de fe, era algo que me resultaba atractivo.

O piloto monfortino Eduardo Iglesias participa no rally Dakar

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, recibiu o piloto de motos monfortino Eduardo Iglesias, para despedilo días antes de que o piloto viaxe camiño de terras de Arabia Saudita para participar do 1 ó 14 de xaneiro nunha nova edición do rally Dakar. O acto serviu para dar a coñecer a moto coa que Iglesias competirá, así como a equipación que levará á proba, na que competirá co dorsal número 38. A proba comeza o 2 de xaneiro, un día antes realizase unha etapa prólogo previa ás 12 etapas das que consta esta edición do Dakar.

Na recepción, o alcalde e Iglesias estiveron acompañados pola a tenente de alcalde, Gloria Prada, o Concelleiro de Servizos, José

Luís Losada, e por un dos membros do equipo do piloto monfortino, Jesús Veloso Cachaldora.

Este 2022 será o terceiro ano consecutivo en que o piloto monfortino participe no rally máis famoso do mundo, e por este motivo, o alcalde desexoulle o maior dos éxitos en nome de todos os monfortinos, agardando “que non teña accidentes e que, si pode, supere o posto 53 que conseguiu na pasada edición.”

Neste senso, cabe recordar que Eduardo Iglesias superou todas as previsións na súas dúas participacións no Dakar: non só conseguiu rematar en ambas ocasións o que é o rally máis duro do mundo, senón que ademais fixoo entre os 100 primeiros clasificados, nun meritorio posto 94 no ano

2020 e no posto 53 en 2021.

“Este ano non lle imos pedir menos porque estou seguro de que Eduardo e o seu equipo volverán a dalo todo, co obxectivo de rubricar novamente unha exitosa participación nesta edición do Dakar”, destacou o rexedor municipal. Ademais, o alcalde salientou que o piloto monfortino levará o nome de Monforte e de toda a provincia de Lugo por todo o mundo, a través do eco das redes sociais e dos medios de comunicación.

Tomé Roca que tanto o Concello como a Deputación de Lugo apoian economicamente a este piloto, contribuíndo a sufragar os gastos desta importante competición. En concreto, o Concello monfortino apoia a participación de Eduardo



Iglesias con 5.000 euros.

Tomé concluíu a súa intervención manifestoulle o seu orgullo, e o de todos os monfortinos, por representar de novo a Monforte e á Ribeira Sacra nun evento deportivo internacional desta índole, e desexoulle o maior dos éxitos nesta terceira participación no Dakar.

Pola súa banda, Eduardo Iglesias agradeceu o apoio que recibiu tanto dende o Concello como

dende a Deputación de Lugo para este novo reto, e comprometeuse a acadar os éxitos conseguidos nas dúas outras participacións.

O Dakar 2022, que é a proba de motor máis importante e famosa do mundo, desenvolverase ó longo de 13 xornadas, do 1 ó 14 de xaneiro, cunha etapa-prólogo e 12 etapas (cunha etapa de descanso polo medio), ó longo de 8.177 quilómetros de percorrido.

Monforte homenaxea ao Club Taekwondo polos éxitos no Campionato de Europa en Portugal

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, en nome de todos os monfortinos e monfortinas, homenaxeou a catro deportistas do Club Taekwondo Neka, polos excelentes resultados que acadaron no Campionato de Europa de Taekwondo que se celebrou en Seixal (Portugal) entre o 19 e o 21 do pasado mes de novembro, representando á Selección Española de Taekwondo.

Os resultados conseguidos no Campionato de Europa de Taekwondo foron os seguintes: Alejandro Losada e Carlos Rey: Campións de Europa en modalidade de parellas. Medalla de ouro. Laura Álvarez: Subcampiona de Europa en categoría individual e parellas. Dúas medallas de prata. Daniel Arean: Subcampión de Europa por parellas. Medalla de prata.

Ademais do logrado no Campionato de Europa, o Club Tekwondo Neka, e os seus deportistas, conseguiron uns magníficos resultados deportivos nos se-



O alcalde ven a Monforte moi ben representado na elite do deporte español e europeo.

guientes campionatos, motivo polo cal o alcalde lles entregou unha placa conmemorativa. En concreto os éxitos foron os seguintes: Campionato de España de Taekwondo por Clubs: celebrado en Benidorm entre o 4 e o 7 de decembro, o Club Taekwondo Neka quedou subcampión de España por Clubs, acadando 2 medallas de ouro, 4 de prata e 2 de bronce. Campionato de España Infantil por Seleccións te-

rritoriais: celebrado en Benidorm entre o 4 e o 7 de decembro, foron 2 medallas de bronce e 1 de ouro as conseguidas polos deportistas do Neka. Copa Xunta de Galicia: celebrada o 11 de decembro en Bueu (Pontevedra), foron un total de 12 medallas, 4 de ouro, 3 de prata e 5 de bronce. Open Vila de Madrid: celebrado o 18 de decembro, foron 11 medallas, 5 de ouro, 3 de prata e 3 de bronce.

O Coto de Caza de Remourelle usará a caseta de legoeiros

A Xunta e a sociedade deportiva Coto de Caza de Remourelle acordaron colaborar na conservación, protección e defensa do medio ambiente. A directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, e o presidente da asociación, José Antonio González, asinaron a acta de entrega e recepción do inmoble da antiga caseta de legoeiros localizada no lugar de Remourelle, parroquia da Arante, no concello de Ribadeo, en réxime de cesión de uso á devandita sociedade.

Do Campo indicou que este legado permitirá asegurar a conservación e mantemento, e evitar o seu deterioro por falta de uso; e sobre todo será un punto de encontro desde o que traballar a prol da conservación e do mantemento do equilibrio natural. Nese sentido, a sociedade de caza comprométese a asumir a execución de actuacións de acondicionamento necesarias para convertelo no local social da sociedade deportiva.



Antiga caseta de legoeiros.

A directora xeral recordou que este inmoble será de uso exclusivo para o fomento e a práctica deportiva da caza e actividades relacionadas coa mesma, e gratuito para os 140 socios que desenvolven a súa actividade nos concellos de Ribadeo e Barreiros. Pola súa parte, José Antonio González agradeceu á Xunta a súa receptividade e colaboración ante a proposta realizada pola sociedade que preside xa que grazas a esta cesión poderá dispoñer dun novo lugar de encontro e reunión para os seus membros.

Monforte clausura unha carpa informativa sobre reciclaxe e separación de residuos

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, visitou no Campo de San Antonio a carpa da campaña informativa sobre a reciclaxe de residuos domésticos, que foi dirixida a todos os monfortinos e monfortinas, e que estivo organizada polas Concellerías de Medio Ambiente e Servizos do Concello de Monforte.

A visita serviu para clausurar unha campaña informativa que deu comezo o pasado 29 de novembro e que se estendeu ata o 23 de decembro. “Baixo o lema Usa os colectores de cores: si ti separas, nós reciclamos, o noso obxectivo”, sinalou o alcalde, “foi informar ós nosos veciños e veciñas, así como os comerciantes de Monforte sobre as claves para que poidan levar a cabo unha axeitada reciclaxe dos residuos que xeran nos seus fogares”.

O técnico medioambiental explicou tanto ó alcalde como á

primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, e os concelleiros de Servizos e Medio Ambiente, José Luís Losada e Miguel Tomé, o desenvolvemento desta campaña na cidade e nas parroquias de Monforte.

O alcalde destacou que “este ano, como novidade, quixemos achegar esta información directamente ó cidadán. Para isto fixemos una campaña informativa porta a porta, desenvolta por unha persoa especializada en medio ambiente que fixo visitas domiciliarias, tanto no núcleo urbano como nas diferentes parroquias, e que tivo moi boa resposta por parte da cidadanía”.

Dese xeito, fíxose un reparto de folletos informativos, tanto no casco urbano por barrios así como nas parroquias, nos que se explicaron as diferentes fraccións a reciclar, así como os teléfonos de contacto e horarios de apertura do punto limpo de Monforte.

No ámbito urbano aproveitouse tamén para facer visitas ós comercios, recordándolles os diferentes servizos cos que poden contar, como pode ser a recollida porta a porta do cartón comercial, indicando os puntos de recollida máis próximos e os horarios de recollida.

Finalmente dende o 20 de decembro e antes do inicio do período navideño, o Concello ubicou unha carpa informativa na zona centro da cidade, na rúa Cardenal e no Campo de San Antonio, na que o técnico medioambiental achegou ós veciños a información destinada a tal fin.

Mellorar o ratio na reciclaxe de residuos

Con esta campaña informativa o Concello busca tratar de mellorar os ratios de reciclaxe de todas as fraccións recollidas de forma selectiva, ben sexan envases, papel/cartón e vidro, xunto con ou-



Os municipais na carpa informativa.

tros residuos que se recollen de forma separada, como son os móbiles e enseres, aceite e roupa usada.

Tamén trátase de fomentar o uso do punto limpo, tratando de eliminar os vertidos incontrolados que se producen de forma periódica en diferentes puntos do Concello.

A campaña incidiu especialmente no tipo de residuos que se deben depositar en cada un dos colectores específicos que para elo pon o Concello a disposición dos cidadáns: Colector azul: no que se poden depositar todo tipo de produtos de papel: revistas, follas, xornais, caixas de cartón,

envoltorios... E nel non se pode depositar nada que non sexa de papel ou cartón, por exemplo, bolsas de plástico, briks, envases, etc. Colector amarelo: é o que recolle os envases de plástico, como botellas de auga, briks de zume ou leite, latas de refresco, conservas, etc. Neste colector non se poden depositar residuos tales como CD's, roupa, bombillas, residuos orgánicos ou produtos contaminantes. Colector verde: o destinado ós envases de vidro, tales como botellas ou tarros. Non admite todo aquilo que non sexa vidro: tapóns e tapas dos tarros, cristais de espellos e ventás.

O instituto Val do Asma intercambia experiencias cun centro educativo do Algarve



A profesora Pilar García, coordinadora do programa Erasmus+, desplazouse a Loulé, localidade situada na rexión do Algarve (Portugal), para participar nunha estancia formativa.

A profesora do ciclo superior de administración e finanzas do instituto de enseñanza secundaria Val do Asma, de Chantada, coñeceu o sistema educativo portugués e establece contactos para que nos vindeiros cursos,

tanto o alumnado do ciclo superior de administración e finanzas como recentes titulados, poidan realizar prácticas en empresas de Portugal. Tamén intercambiarán experiencias con arreglo a esta iniciativa profesores e alumnos de BAC e de ESO de ámbolos centros.

Éste e o resto dos programas Erasmus nos que participa o instituto Val do Asma están financiados con fondos europeos.

A Casa Museo de Víctor Corral formará parte do Paseo dos Soños en Vilalba



Corral experimenta tamén con acuarela e óleo.

Javier Arias, delegado da Xunta, visitou a Casa Museo de esculturas de Víctor Corral, a quen felicitou pola súa “prolífica e longa traxectoria” e por tela desenvolvido en Baamonde (Begonte), onde a súa casa “é un tesouro aberto ao mundo que acentúa o valor desta contorna do Camiño Norte con arte e cultura e coa riqueza do seu pensamento”.

Arias deulle a noraboa a Corral porque en

breve pasará a formar parte do Paseo dos Soños de Vilalba, onde se lle adicará o XV Hectómetro Literario. O conxunto de vivenda e taller de Baamonde, levantado polo escultor nos anos 70, conta con exposición en dous ambientes diferenciados: o xardín, con obras en materiais non perecedoiros (granito e bronce); e o interior, con esculturas de arte abstracto e relixioso, en madeira, bronce e marfil.

Oposición á LAT de Iberdrola que inhabilitaría o Larouco para practicar parapente

O Club Parapente Baltar, as federacións galega, estatal e portuguesa e deportistas desta modalidade de Galicia, España e Portugal alertan sobre os efectos da construción de novos polígonos eólicos na serra arraiana do Larouco, ao carón do Xurés, e da imposibilidade de continuar coa práctica do parapente se se instalasen as liñas de alta tensión proxectadas, en particular, a LAT coa que Iberdrola pretende conectar a futura central eólica de San Martiño (Baltar) coa subestación da central do Larouco en Xinzo.

O Club Parapente Baltar anunciou que conta co apoio das federacións galega, estatal e portuguesa e deportistas e clubs dun e doutro lado da raia, como o Club Papaventos Montalegre, para as alegacións que presentará contra a LAT do Larouco, en exposición pública até o día 13 de xaneiro.

“O voo libre é incompatible, en materia de seguridade, coa proximidade de liñas eléctricas, pois o posible contacto coas devanditas liñas tería consecuencias

mortais para o piloto”, advirten desde o Club Parapente Baltar nas súas alegacións, elaboradas coa colaboración da asociación ecoloxista Petón do Lobo. “Na práctica destes deportes, os voos ocupan un gran espazo aéreo máis alá da area de despegue na busca e aproveitamento de correntes percórrese a montaña a baixa altura sendo esta a parte con mais risco para o piloto”.

Desde Baltar, estes veciños lamentan a incongruencia do goberno local, que nos últimos anos viña apostando de maneira decidida pola promoción da práctica do parapente como atractivo turístico, mesmo con investimentos nas pistas de acceso á zona de despegue, e que agora garde silencio diante da ameaza eólica.

Os deportistas lembran que o Larouco é unha área privilexiada para a práctica do parapente polas condicións do vento e a orografía. Estas características converteron o Larouco no lugar de referencia na Península e durante os últimos anos converteuse no escenario de eventos de máximo nivel in-



Práctica do parapente sobre a paisaxe arraiana onde se proxectan polígonos e liñas de alta tensión (Imaxe 2 ALA DELTA GALICIA).

ternacional: Copa do Mundo (2000 e 2012), Campionato do Mundo (2003), British Open (2005), Copa Ibérica (2005, 2006, 2007, 2009 e 2013), Campionato de Europa (2018).

Nas súas alegacións ao proxecto da LAT do Larouco -once quilómetros de tendido aéreo con 43 apoios en cotas desde 1.115 metros de altitude a 939 metros que decorre, de oeste a este, en paralelo a liña da fronteira pola vertente

norte do Larouco- os veciños de Baltar e de Montalegre, na parte portuguesa, reclaman a “retirada definitiva do proxecto pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social”.

Apoio de Stop Eólicos

O pasado 7 de decembro, Stop Eólicos Xurés Celanova, rexistrou no Concello de Baltar 43 escritos de alegacións ao proxecto de Iber-

drola de construír a central eólica denominada PE San Martiño, con máquinas de 180 metros moi próximas a aldeas galegas e portuguesas e cuns impactos enormes sobre o medio, a paisaxe e o patrimonio desa área. Tamén dirixiu un escrito ao Defensor del Pueblo, Ángel Gabilondo, alertando do descoñecemento que a veciñanza portuguesa tiña a respecto do proxecto de central eólica e da obriga do Estado español de informar ao Estado portugués, segundo contemplan os tratados internacionais. O Defensor contestou que non pode actuar até que a Administración incumpra os seus deberes, polo que Stop Eólicos reiterará periódicamente esta mesma queixa.

Agora, ademais das alegacións globais que elaborou Petón do Lobo, a plataforma compartirá e difundirá estas alegacións do colectivo de deportistas do parapente, que estarán nos próximos días a disposición da veciñanza nas nosas redes e na mesa informativa que se habilitará o próximo xoves, día 6 de xaneiro, na Praza Maior de Celanova.

A Asociación de persoas con Crohn e colite ulcerosa de Ourense beneficia a máis de cen persoas

A Asociación de persoas con Crohn e colite ulcerosa de Ourense (ACCU Ourense), desenvolveu durante 2021 o proxecto “Servizo de atención integral, promoción da autonomía persoal e inclusión social das persoas con enfermidades inflamatorias intestinais”, co que se implementan actuacións de intervención social, abordaxe integral e apoio á autonomía persoal e vida independente de máis de 100 persoas afectadas de enfermidade inflamatoria intestinal crónica.

No principio do ano xa se previu que habería un incremento

dun 30 % nas consultas e a atención directa na entidade por efecto da pandemia COVID-19, tal e como pasou segundo foi avanzando 2020 e a crise sanitaria alcanzounos a todos e todas.

En 2021 incrementáronse as consultas de intervención social que chegaron directamente a ACCU Ourense nun 60 % e as consultas de psicoloxía aumentaron o dobre que en 2020, ano no que xa foran máis con respecto a anos anteriores debido á pandemia.

Ademais, as persoas atendidas que se derivaron ao asesor xurídico e ao servizo de intermediación laboral que ofrece ACCU Ourense

creceron nun 25%, destacando as actuacións en materia de incapacidade laboral, reorientación profesional, formación e integración laboral.

Este servizo executouse grazas á subvención procedente do 0,7% do IRPF da Xunta de Galicia xestionado por COGAMI. A Confederación xestiona esta subvención para que as súas entidades membros poidan financiar os seus proxectos prioritarios, á vez que lles proporciona asesoramento e realiza o seguimento durante a elaboración, execución e xustificación dos mesmos. Neste caso, o proxecto enmárcase no Programa de



Fernando Jiménez Zulliani, presidente de ACCU, primeiro pola esquerda.

Atención á dependencia e autonomía persoal.